



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 7 DE MARZO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTO DE LEI**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Proxecto de Lei de ordenación farmacéutica.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de "Mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela. Ámbito: Camiño Portugués – Conxo". Concello de Santiago de Compostela".
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Lama do treito antigo da estrada EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-Barcia (PO-240 a 0+070 Ponte sobre o río Verdugo).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación de Solidaridad Amaranta para a posta en marcha e mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, por un importe total de douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros (337.039 €).

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se crean e regulan as medallas "Emilia Pardo Bazán" para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes.
- Acordo polo que se autoriza o incremento do valor estimado e a tramitación dunha modificación do contrato relativo ás obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo, polo importe de oito millóns oitocentos un mil seiscientos corenta e nove euros con trinta e seis céntimos (8.801.649,36 €), máis un millón oitocentos corenta e oito mil trescentos corenta e seis euros con trinta e sete céntimos (1.848.346,37 €), en concepto de IVE, cun total de dez millóns seiscientos corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e tres céntimos (10.649.995,73 €).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) para a contratación da obra de execución dunha planta de tratamento de lixiviados no vertedoiro de Sogama en Areosa e o seu mantemento.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra, por un importe total de seis millóns cento cincuenta e un mil seiscientos sesenta e nove euros con oitenta e sete céntimos, (6.151.669,87 €), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña (Aclad), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe dun millón cincocentos vinte e tres mil cento corenta e catro euros (1.523.144€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de oitocentos corenta e catro mil trinta e dous euros (844.032€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga (Alborada), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe dun millón trescentos cincuenta e seis mil trescentos cincuenta e un euros (1.356.351€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca) Luis Miguel Morás da Coruña, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento setenta e cinco mil cento setenta e cinco euros (175.175€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para el Tratamiento y Rehabilitación del Enfermo Alcohólico, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento cincuenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros (152.957€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de noventa e oito mil trescentos corenta e nove euros (98.349€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento oitenta mil seiscentos corenta e catro euros (180.644€).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o inicio do expediente para a tramitación do convenio de colaboración entre a entidade pública Portos de Galicia e o Concello de Ribeira



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

para a execución das actuacións de reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira, por un importe total de catrocentos setenta e nove mil cento trinta e nove euros con vinte e sete céntimos (479.139,27€).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre as actuacións de control tributario 2018 e o Plan de control tributario 2019.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre os apoios á modernización e dixitalización do comercio galego de proximidade.



## SANIDADE ACOMETE UNHA REGULACIÓN INTEGRAL DA ATENCIÓN FARMACÉUTICA AO CUMPRIRSE 20 ANOS DA NORMATIVA VIXENTE

- *Anteproxecto de Lei de ordenación farmacéutica aprobado hoxe polo Consello da Xunta incorpora novas modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios (venda por internet)*
- *Regula os centros de distribución de medicamentos de uso humano, veterinario e de produtos sanitarios*
- *No que atinxe á atención farmacéutica a nivel de primaria e especializada, así como entidades prestadoras de servizos sociais e outros centros sanitarios, a nova normativa actualiza as funcións correspondentes a cada un destes servizos*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o Anteproxecto de lei de ordenación farmacéutica. Esta normativa ten como obxectivo dotar este sector dunha nova regulación máis acorde co presente que permita afrontar e dar solución, de maneira máis eficaz, ás actuais necesidades e demandas tanto dos profesionais farmacéuticos como dos usuarios. Sanidade quere subliñar que a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, foi aprobada polo Parlamento de Galicia hai preto de 20 anos, polo que cómpre unha nova regulación desta materia.

Entre as novidades do anteproxecto introdúcese a convocatoria dun concurso previo de traslados ao que só poderán concorrer os farmacéuticos titulares ou cotitulares dunha farmacia establecida en Galicia. Con posterioridade, convocarase outro concurso para a provisión das farmacias vacantes resultantes do concurso de traslados, que englobará tanto as novas farmacias como aquelas que quedasen libres por traslado do titular e que se consideran necesarias, unha vez aplicados os criterios de planificación. A este procedemento poderán concorrer todos os farmacéuticos que no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes sexan ou non titulares ou cotitulares dunha farmacia situada dentro ou fóra de Galicia e non a teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.

A nova normativa tamén prevé a posibilidade de constitución de garantías por parte dos participantes nese concurso público, a fin de asegurar a continuidade no procedemento de instalación de farmacias, mediante a elevación do período mínimo para poder transmitir as outorgadas por concurso público aos 15 anos, así como a desaparición da caducidade das autorizacións administrativas por cumprimento da idade de 70 anos dos titulares.

### Venda de medicamentos por internet



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Este anteproxecto incorpora, ademais, novas modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios (venda por internet), e as súas prohibicións, ao tempo que recolle expresamente a prohibición de desenvolver nos locais das oficinas de farmacia actividades de venda ao público de produtos distintos dos propios da canle farmacéutica. Tamén prohíbe actividades comerciais por sociedades mercantís con personalidade xurídica diferenciada da persoa física do farmacéutico titular, con independencia de que o domicilio social sexa na propia oficina de farmacia ou noutro lugar distinto.

No anteproxecto tamén se prohíbe o subarrendamento ou a cesión gratuíta dos locais das oficinas de farmacia a terceiras persoas distintas do titular para o desenvolvemento de calquera actividade, incluso cando teñan relación co ámbito sanitario.

Esta nova normativa hoxe aprobada prevé a posibilidade excepcional de que a atención farmacéutica poida ser prestada domiciliariamente, e a obriga de presenza física do titular ou, se for o caso, dun cotitular, rexente ou substituto, na oficina de farmacia, de forma habitual durante o horario de atención ao público.

Respecto das boticas anexas, o anteproxecto incorpora a posibilidade de que no trámite de planificación da autorización de novas oficinas de farmacia a autoridade sanitaria prevexa, xunto á nova farmacia, a instalación dunha botica anexa vinculada a ela naquelas zonas de difícil accesibilidade, así como a posibilidade da autorización dunha botica anexa naqueles casos en que o peche dunha farmacia deixe sen atención unha determinada zona.

No que atinxe aos procedementos de autorización para a instalación, reforma, transmisión, cambio de localización, peche e revogación da autorización de farmacias, recóllese a excepción de respectar a distancia mínima de 250 metros establecida ata o de agora naquelas zonas farmacéuticas que contén cunha única farmacia, sempre e cando concorran razóns de interese xeral que así o xustifiquen. Naquelas farmacias para cuxa instalación e apertura se tivese fixado unha delimitación territorial concreta, a obriga de respectala no traslado poderá exceptuarse cando se constate a desaparición das condicións que motivaron a súa instalación nesa delimitación.

En materia de traslados, o anteproxecto incorpora a posibilidade de limitalos cando se aprecie que, no caso de seren autorizados, se produza un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona en que se localiza a farmacia, en especial naqueles núcleos en que só exista a farmacia establecida.

Así mesmo, na nova normativa prevese a revogación da autorización daquelas farmacias en que se verifique o incumprimento da obriga da dispensación de medicación que lles sexa solicitada pola cidadanía nas condicións legalmente establecidas. Tamén incorpora



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

o anteproxecto o réxime de reforma dos locais das farmacias, o cal non estaba regulado ata o de agora.

No que atinxe á atención farmacéutica a nivel de atención primaria e hospitalaria, así como entidades prestadoras de servizos sociais e outros centros e establecementos sanitarios, o anteproxecto actualiza as funcións correspondentes a cada un destes servizos e, así mesmo, recolle as das unidades de radiofarmacia.

Tamén regula o texto normativo hoxe aprobado polo Executivo galego os centros de distribución de medicamentos de uso humano, veterinario e de produtos sanitarios; os depósitos de medicamentos e outros aspectos relacionados coa información, promoción e publicidade de medicamentos e produtos sanitarios; e prohíbe toda forma de publicidade e promoción das farmacias, excepto nos casos establecidos regulamentariamente.

Xunto a todo o sinalado, outra das novidades é o establecemento dun novo réxime de incompatibilidades dos profesionais farmacéuticos e un novo réxime sancionador, que inclúe unha relación exhaustiva das infraccións e as correspondentes sancións, os órganos competentes para a súa imposición e o prazo para ditar e notificar as resolucións, nos expedientes por infraccións en materia de establecementos farmacéuticos e medicamentos, produtos sanitarios, cosméticos e produtos de coidado persoal.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A MELLORA E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DO CAMIÑO PORTUGUÉS EN CONXO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta actuación fai necesaria a expropiación de 7 predios, destinándose case 75.000 euros ao pagamento dos terreos*
- *Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras e procederá ao levantamento de actas previas*
- *A intervención neste barrio histórico prevé a humanización da praza fronte o mosteiro cunha actuación singular, que permitirá que veciños e peregrinos disfruten da súa pequena praza do Obradoiro*
- *Configúrase unha praza que se estende ata o centro social, a escola infantil e centro de saúde, mantendo os plátanos actuais e o cruceiro na súa actual situación*
- *De acordo cos veciños e empresas da contorna, restrinxirase a circulación na praza do mosteiro no sentido de subida, salvo para o autobús urbano e residentes*
- *Estas obras enmárcanse no proxecto da Xunta para mellorar as entradas dos Camiños de Santiago á cidade de cara ao Xacobeo 2021, actuando ademais no Polígono do Tambre, no Monte do Gozo e nos Concheiros*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o proxecto de Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de mellora e integración paisaxística do Camiño Portugués en Conxo, no Concello de Santiago.

O orzamento estimado desta intervención no barrio histórico de Conxo no ámbito do Camiño de Santiago suporá un investimento de 2,1 millóns de euros, nos que preto de 75.000 euros se destinan ao pagamento das expropiacións dos 7 predios necesarios para esta actuación. Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto iniciar a contratación das obras.

O Goberno galego segue así a avanzar na estratexia para optimizar as entradas na capital de Galicia das diferentes rutas xacobeas, dotándoas dunha imaxe de identificación internacional común. Trátase de acadar que no vindeiro ano santo do 2021 o Camiño sexa claramente visible e identificable nas zonas urbanas da capital de Galicia, favorecendo o tránsito dos peregrinos sobre o tráfico rodado, así como a posta en valor e disfrute dos espazos polos que transcorre.

### Intervención no núcleo de Conxo de Abaixo

A estratexia de mellora e integración paisaxística do Camiño Portugués suporá unha ambiciosa reordenación do itinerario da ruta xacobeas no núcleo de Conxo de Abaixo, mellorando a visual do peregrino ao longo da traza do camiño e reducindo o tránsito de





INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

vehículos, entre a glorieta coa SC-20 ata a rúa da Eскурridía. Tamén cabe destacar a grande importancia que a dita actuación terá para os veciños do lugar.

Entre as principais actuacións previstas neste barrio histórico compostelán cabe salientar a actuación singular na praza fronte ao mosteiro de Santa María, para darlle unha dimensión máis humana ao espazo público, restrinxindo o tráfico de subida para residentes e transporte público. O obxectivo, dotar a este barrio compostelán dunha zona emblemática de acollida e disfrute de peregrinos e veciños, que disporán da súa pequena praza do Obradoiro.

A intervención nesta praza despexará a entorna coa fin prioritaria de propiciar unha grande praza, homoxénea e continua. Para iso, o proxecto unifica o nivel das dúas entradas principais do mosteiro, a da igrexa e a do hospital. Configúrase unha praza, que se estende ata o centro social, a escola infantil e centro de saúde.

Mantéñense os plátanos actuais e o cruceiro na súa actual situación, pero despéxase o resto da praza o que permite poñer en valor a fachada do mosteiro. Reordénanse as prazas de carga e descarga e a parada do autobús, e se incorpora mobiliario urbano. O pavimento será homoxéneo e se estenderá ata os rúes veciños.

Xa fóra da praza, reordénase a sección da rúa Benéfica para asegurar un paso mínimo de 3 m para o tránsito do peregrino, configurándose unha senda na que se disporá novo arborado. Na Travesía de Torrente ata a rúa da Eскурridía, o proxecto considera o mantemento xeral da sección e o pavimento existente, reparando o danado ou inadecuado.

En canto ao tráfico, restrinxirase a circulación na praza do mosteiro de Conxo no sentido de subida, salvo para o autobús urbano e residentes. Esta solución foi tratada cos veciños e coa empresa máis importante da zona.

Esta actuación enmárcase no proxecto da Xunta para mellorar as entradas dos Camiños de Santiago á cidade de cara ao Xacobeo 2021, actuando ademais no Polígono do Tambre, no Monte do Gozo e nos Concheiros.

O vindeiro mes de abril prevese o inicio das obras do Camiño Inglés no Polígono do Tambre, mentres que actualmente están tamén en proceso de contratación as actuacións na baixada do Monte do Gozo. O proxecto de remodelación da avenida e Lugo e no nó de Concheiros foi sometido a información pública e está en fase de redacción a remodelación da rúa Concheiros.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA LAMA DA TITULARIDADE DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL DA PONTE DO VERDUGO A BARCIA

- *A Administración local basea a súa petición ao organismo provincial no interese turístico para o municipio da ponte peonil e o aparcadoiro na contorna da praia fluvial deste río, e a necesidade de regulación deste espazo*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto do Goberno galego por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *Coa transferencia, o concello asume a responsabilidade da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello da Lama dun treito antigo da estrada provincial da Ponte do Verdugo a Barcia.

O Concello da Lama solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade do citado treito antigo da estrada EP-0306, Ponte do Verdugo-Cambeses-Barcia (PO-240 a 0+070 sobre o río Verdugo), dunha lonxitude total de 111 metros.

Segundo expón o concello pontevedrés a súa petición baséase no interese turístico para o municipio da ponte peonil e o aparcadoiro que se atopa na contorna da praia fluvial do río Verdugo, e a necesidade da súa regulación. Deste xeito solicitou á deputación provincial o cambio de titularidade da ponte sobre o río e a explanación adxacente e o espazo de dominio público sobrante, unha vez realizadas polo organismo provincial as obras incluídas no proxecto de acondicionamento da ponte e a explanación sobre o río Verdugo.

O organismo provincial de Pontevedra considerou axeitada a transferencia a prol do Concello da Lama, polo que emite informe favorable e solicita o cambio de titularidade do citado tramo provincial á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do concello pontevedrés da Lama deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello da Lama terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## A XUNTA COLABORA COA FUNDACIÓN AMARANTA PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA DE OURENSE QUE PRESTA ASISTENCIA INTEGRAL ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia e a Fundación de Solidaridade Amaranta para o mantemento do centro de acollida na cidade das Burgas*
- *O Centro ofrece tanto ás vítimas como aos seus fillos e fillas, aloxamento, manutención e unha atención integral*
- *Forma parte da Rede galega de acollemento, que conta con vivendas nos concellos da Coruña, Lugo, Culleredo e Ferrol, Burela e o CEMVI (Centro de Emerxencia de Vigo)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Fundación de Solidaridade Amaranta para o mantemento do centro de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, integrado na Rede galega de acollemento, que conta con vivendas nos concellos da Coruña, Lugo, Culleredo, Burela e Ferrol e o CEMVI (Centro de Emerxencia de Vigo)

O Centro de acollida ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral, tanto ás vítimas da violencia de xénero como aos seus fillos e fillas, garantíndolle un espazo de protección e de recuperación. O Goberno galego achegará 252.000 euros para o funcionamento e mantemento do centro, que se poden destinar a gastos de asistencia social, psicolóxica e/ou xurídica para o tratamento e atención das mulleres acollidas e aos seus fillos/as. Dá cumprimento a un dos obxectivos fixados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que recolle a necesidade de seguir avanzando na adaptación dos recursos, como casas de acollida, para que sexan axeitados para as mulleres.

Tal e como está establecido na Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Rede galega de acollemento está integrada por centros de acollida que ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e aos menores ao seu cargo que requiran un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, entre as cales se atopan varias dirixidas a garantir recursos habitacionais adecuados e suficientes para todas as mulleres que sofren violencia de xénero.



## A XUNTA INCREMENTA EN 100.000 EUROS O ORZAMENTO DESTINADO Á ATENCIÓN PSICOLÓXICA DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para levar a cabo dous programas de atención*
- *O primeiro, dirixido a mulleres vítimas ou persoas do seu contorno familiar, conta cun orzamento de algo máis de 302.400 euros*
- *O segundo está destinado a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, que se financiará cunha contía de 34.600 euros*
- *Desde 2009 beneficiáronse destas actuacións 3.900 mulleres, 1.381 menores e 787 homes*

A Xunta incrementa este ano en 100.000 euros o orzamento destinado á atención psicolóxica de mulleres, menores e persoas do seu contorno familiar que padezan situacións de violencia de xénero. Con este aumento, o orzamento para este ano supera lixeiramente os 302.400 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que inclúe dous programas de atención: por unha banda, o dirixido a mulleres e familiares vítimas da violencia de xénero; e, o segundo, "Abramos o círculo", para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar (que dispón dun orzamento de 34.600 euros). Entre os dous, suman un orzamento total duns 337.000 euros.

En ambos os casos, o obxectivo é ofrecer recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ante a situación de violencia, ou ben, no caso dos homes, cando recoñecen ter problemas de control das súas actitudes violentas.

Os dous programas contan cun profesional da psicoloxía que os coordina e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención, que consiste en asistencias e consultas ás persoas beneficiarias, e asistencia oral en xuízo por parte do persoal psicólogo do programa.

Inclúese, ademais, desde 2014 a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves, sempre que sexa preciso e en coordinación co grupo GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias) e co Centro Autonómico de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero. Desde que se puxo en marcha, o servizo activouse en 17 ocasións (15 asasinatos e 2 agresións graves con menores implicados).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Desde o ano 2014 tamén se inclúe en ambos os programas a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva ou da fala.

En total, desde o ano 2009 beneficiáronse do primeiro programa 3.900 mulleres e 1.381 menores, mentres que 787 homes foron atendidos a través de "Abramos o círculo".





## A XUNTA APROBA A CREACIÓN DAS MEDALLAS 'EMILIA PARDO BAZÁN' PARA O RECOÑECIMENTO DE ACCIÓNS RELEVANTES EN PROL DA IGUALDADE

- *Poderán ser destinatarias da medalla tanto persoas físicas como colectivos, entidades ou institucións que contribúsen e destacasen no desenvolvemento de accións relevantes neste ámbito*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dar inicio á tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se crean e regulan as medallas "Emilia Pardo Bazán" para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes. Poderán ser destinatarias das medallas tanto persoas como colectivos, entidades ou institucións, públicas e privadas que, coa súa traxectoria ou labor, contribúsen e destacasen no desenvolvemento na nosa comunidade de accións relevantes neste ámbito.

Entre os obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia, en cumprimento dos fins de interese xeral e social que ten encomendados, atópase o desenvolvemento de medidas e actuacións que procuren a consecución da igualdade de oportunidades de mulleres e homes. Os poderes públicos teñen a obriga de articular medidas de sensibilización social que visibilicen os talentos e as capacidades das mulleres e que recoñezan a traxectoria vital e profesional de persoas e entidades comprometidas con erradicar as discriminacións de xénero que aínda persisten, e que traballan pola construción dunha sociedade máis igualitaria baseada nos principios de igualdade, xustiza e solidariedade.

Con esta finalidade propónse a creación, a través deste anteproxecto de decreto, das medallas "Emilia Pardo Bazán", que servirá para outorgar recoñecemento público ás accións desenvolvidas na nosa comunidade que teñan contribuído e destacado na defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. As medallas levan o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo; reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que tiñan os homes na súa época.

Outorgaranse tres condecoracións ao ano e entregaranse os 16 de setembro, en conmemoración do nacemento da escritora galega.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO

- *Esta modificación supón un incremento do orzamento en 10 millóns de euros, o que resultará nun investimento total para estes traballos de máis de 40 millóns de euros*
- *O obxectivo deste cambio é garantir a seguridade nos brazos dos "haches" e na zona suroeste da parcela, ademais da construción dunha gardarfa*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do proxecto da nova Cidade da Xustiza de Vigo, o que suporá un incremento do orzamento en algo máis de 10 millóns de euros. Deste xeito, o investimento global nesta nova infraestrutura ascenderá a máis de 40 millóns de euros.

A modificación ten como obxecto executar unha nova cimentación e estrutura nos brazos dos 'haches', tras detectar importantes deficiencias neles que obrigan a construílo de novo e adoptar unha nova solución construtiva relativa á contención de terras na zona suroeste da parcela. Nela tamén se inclúe a construción dunha gardarfa.

Coa nova Cidade da Xustiza, dotarase Vigo dunha infraestrutura xudicial moderna, que concentrará todas as dotacións xudiciais e duplicará o espazo que existe actualmente. Ademais, todo isto realizarase grazas á recuperación dun inmovible histórico e emblemático para a cidade.

## SOGAMA DESTINA 11,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCIÓN DA NOVA PLANTA DE DEPURACIÓN NO VERTEDOIRO DE AREOSA

- *O contrato, establecido para un período de catro anos, inclúe a subministración, o proxecto, a obra, a montaxe e o mantemento da instalación*
- *A nova instalación estará dotada con catro liñas de tratamento con capacidade para depurar 225 metros cúbicos de lixiviado diario cada unha, cun rendemento de depuración mínimo dun 67%*
- *A prioridade de Sogama é garantir en todo momento que a vertedura que volve á rede pública cumpra de forma rigorosa coas exixencias recollidas na autorización ambiental*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou Sogama para contratar, por un importe de 11.439.722,09 euros IVE incluído, a subministración, o proxecto, a obra, a montaxe e o mantemento dunha nova planta de depuración de lixiviados no seu vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa, en Cerceda.

A decisión de construír esta nova infraestrutura obedece a un cambio de estratexia na operativa de Sogama, derivada das mellores circunstancias en que o vertedoiro desenvolve o seu labor. A ampliación do complexo industrial da entidade pública, que verá incrementada a súa capacidade nun 81%, pasando das 550.000 toneladas anuais a 1.000.000, fará posible que todos os residuos urbanos producidos en Galicia poidan recibir un tratamento óptimo e que diminúa de forma considerable a cantidade de lixo destinado a vertedoiro.

De feito, a pretensión é chegar en 2020 ao 10%, o que se coñece como vertido técnico cero; isto quere dicir que só se verterá aquela fracción de refugallos que non poida ser reciclada nin valorizada material ou enerxeticamente, dando debido cumprimento á xestión xerarquizada de residuos que promulga a Unión Europea e que comeza pola prevención e a redución, continúa coa reciclaxe e a valorización, e conclúe co depósito en vertedoiro, a alternativa menos desexable.

### **Maior eficiencia e menor gasto**

O sistema de depuración actual caracterízase por dispoñer de plantas de depuración móbiles que se desprazan de lugar para dar cobertura ás necesidades nos distintos puntos. Agora, e aproveitando a finalización do contrato anterior, considérase que a mellor opción é unha instalación fixa que responda aos requirimentos dun volume de lixo estable que progresivamente irá a menos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

A nova planta estará dotada con catro liñas de tratamento con capacidade para depurar 225 metros cúbicos de lixiviado diario cada unha, sendo o seu rendemento mínimo de depuración do 67%.

Adicionalmente, e ao tratarse dunha instalación fixa que finalmente pasará a ser propiedade de Sogama, unha vez que se teña aboada a amortización ao adxudicatario, suporá un aforro de custos a longo prazo. De continuar coa dinámica en vigor ata o de agora, suporía asumir o pagamento de máquinas de depuración novas cada catro anos aproximadamente.

A correcta depuración de lixiviados constitúe desde sempre unha prioridade para Sogama xa que, como non pode ser doutra forma, estes deben ser tratados axeitadamente a fin de que as augas que se devolven á canle pública cumpran de forma rigorosa coas exixencias recollidas na autorización ambiental integrada do propio vertedoiro.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA FINANCIAR CON MÁIS DE 6,1 MILLÓNS DE EUROS A ESTACIÓN INTERMODAL**

- *O Goberno galego achega o 75% do investimento necesario para levar a cabo a execución das obras*
- *Destaca entre as actuacións a remodelación completa da terminal de autobuses, a construción dunha pasarela peonil entre as estacións de autobús e ferrocarril ou o novo acceso á estación de autobús sobre o río Gafos a través de Josefina Arruti*
- *Está prevista a humanización da praza situada ante a estación de autobuses, a optimización do aparcadoiro actual e a reserva de prazas para taxis e parada breve, así como o acondicionamento do intercambio de modo de transporte*
- *A actuación suporá unha importante mellora da contorna urbana, coa recuperación das marxes do río Gafos para desfrute cidadán*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asume o 100% da reforma da actual estación de autobuses, cun investimento duns 2,6 M€, e destina 2M€ á adecuación do conxunto formado polas actuais terminais de bus e tren*
- *O concello destina 1,5 M€ ás restante actuacións de mellora da conexión peonil entre as dúas estacións, a humanización da praza e aparcadoiro para turismos, así como a execución dun acceso ao suroeste ou a adecuación das dársenas*
- *A Xunta prevé licitar as obras esta primavera, de forma que neste ano 2019 estarán en construción as estacións intermodais de Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Pontevedra para o financiamento da estación intermodal da cidade, cun investimento conxunto de 6,1 millóns de euros.

Esta actuación ten como obxectivo o desenvolvemento global da futura estación intermodal de Pontevedra e supón a mellora da actual estación de autobuses e a súa conexión coa de ferrocarril, así como o fomento da súa integración na contorna urbana.

O convenio a que hoxe o executivo autonómico vén de dar o seu visto e prace determina o financiamento, construción e definición das obrigas da Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e o Concello de Pontevedra. Segundo el, o departamento de Infraestruturas da Xunta financiará o 75% das actuacións e servizos necesarios para levar a cabo a execucións destas obras, correspondendo ao concello o 25% restante.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

Destacan entre as intervencións proxectadas a remodelación completa da estación de autobuses e o vínculo peonil a través dunha pasarela, entre a dársena da terminal de autobuses e a estación de ferrocarril.

Tamén prevé a execución dun novo acceso á estación de autobuses sobre o río Gafos a través da rúa Josefina Arruti, que permite separar tráfico e mellorar a seguridade viaria dos viaxeiros, harmonizando as comunicacións entre estacións.

A prestación do servizo público vese favorecida pola humanización da praza frontal, a optimización do aparcadoiro actual e a reserva de prazas para taxis e *kiss&ride*, así como o acondicionamento do intercambio de modo de transporte.

Ademais, a mellora do edificio da estación de autobuses permitirá a súa adaptación aos tempos actuais, modernizándoa e fomentando a optimización e rendemento das instalacións, co conseguinte aforro enerxético.

A futura estación intermodal de Pontevedra beneficiará a mobilidade peonil, polo que a actuación prevé a integración do conxunto intermodal no seu contorno, coa recuperación de espazos verdes e a posta en valor do contorno do río Gafos.

Unha vez executada a obra de mellora da intermodalidade, axilizarase para o usuario o intercambio modal entre os dous modos de transporte e integrarase a estación de autobuses na trama da cidade. Ademais, igual que outras cidades, dotarase o Concello de Pontevedra dunha estación moderna e adaptada ás últimas exixencias técnicas e de accesibilidade.

### O convenio

En cumprimento dos compromisos asumidos no acordo marco de colaboración asinado en agosto de 2017 co Concello de Pontevedra, o convenio autorizado hoxe polo Goberno dá viabilidade a unha actuación de excepcional interese para a Comunidade Autónoma e á cidade do Lérez e permite concretar os parámetros de desenvolvemento de todos estes traballos e ratificar os compromisos xa asumidos por ambas as administracións.

A Xunta de Galicia financiará o 75% das actuacións e servizos necesarios para levar a cabo a execución destas obras, o que supón un investimento superior aos 4,6 M€.

Máis en detalle, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asume o 100% da reforma da actual estación de autobuses, cun investimento de case 2,6 millóns de euros.

O departamento de Infraestruturas da Xunta destinará, ademais, uns 2M€ á adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobuses e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

ferroviaria de Pontevedra, investimento co financiado polo fonde Feder Galicia 2014-2010.

Pola súa banda, o Concello de Pontevedra achega o 25% restante, máis de 1,5 millóns de euros. Deste xeito, financiará preto do 43% do custo restante das actuacións de mellora da conexión peonil entre as dúas estacións, humanización da praza e aparcadoiro para turismos na cara norte da estación, execución dun acceso ao suroeste, adecuación das dársenas e liberación dos marcos do río Gafos.

Mediante o convenio, o concello comprométese tamén a prestar a conformidade sobre os dous proxectos, promover e tramitar as xestións necesarias e poñer á disposición da Xunta os terreos e aproveitamentos necesarios para a execución destas actuacións.

O executivo autonómico mantén o seu compromiso coa intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

A Xunta prevé licitar as obras esta primavera, de forma que neste ano 2019 estarán en construción as estacións intermodais de Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

## O SERGAS DESTINA 4,3 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

O Consello da Xunta vén de autorizar os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e diferentes asociacións sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de 4.330.652 euros.

No desenvolvemento destes programas, as asociacións atenderán toda a demanda xerada, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade na súa respectiva área de influencia. En definitiva, realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

As entidades realizarán os programas previstos no proxecto do novo Plan de trastornos adictivos de Galicia, entre as cales atopan, como medidas, a mellora na atención a persoas que padecen simultaneamente un trastorno adictivo e outro trastorno mental (patoloxía dual) e a atención de terceiro nivel (en réxime residencial) que se presta na comunidade terapéutica. Asemade, tamén se recolle a mellora na coordinación cos dispositivos da rede de saúde mental e atención primaria e a atención a novas condutas de atención clínica.

En concreto, as entidades destinatarias das axudas son a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Aclad, que recibe 1.523.144 euros; a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), con 844.032 euros; a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada, con 1.356.351; a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca), con 175.175; a Asociación As Burgas, para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, con 152.957; a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, con 98.349; e a Asociación Viguesa de Alcohología (Asvidal), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias adictivas, con 180.644 euros.

No ano 2018 foron atendidos preto de 9.000 usuarios de xeito directo por parte destas asociacións no marco das axudas do Servizo Galego de Saúde.





## A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A LICITACIÓN DA REMODELACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA DE RIBEIRA

- *O Consello do executivo galego autorizou a sinatura do convenio entre ambas as administracións para colaborar nas obras*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, deu inicio aos trámites para a remodelación da fachada marítima do municipio coruñés de Ribeira. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre ambas as administracións, autonómica e local, que regula as obrigas de cada unha delas cara á execución das obras.

O convenio regula a colaboración entre o Concello de Ribeira e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de remodelación da fachada marítima do Concello de Ribeira coa unión mediante carril bici da infraestrutura existente no Touro coa do Coroso, o paseo das Carolinas e o parque García Bayón. O importe total das obras ascende a preto de 580.000 euros, IVE incluído, que serán financiados por Portos de Galicia en dúas anualidades xa consignadas nos orzamentos de 2019 e 2020. Pola súa parte, o Concello de Ribeira foi o encargado da elaboración do proxecto de obra e corresponderalle tamén a súa licitación e dirección.

O obxectivo fundamental deste proxecto é reordenar o paseo das Carolinas e o parque García Bayón, dando preferencia ao peón fronte ao tráfico rodado e conferíndolle ás vías o carácter urbano que lle corresponde. Recóllese ademais a execución dun carril bici ao longo de toda a fachada marítima do núcleo urbano.

As obras teñen un prazo de execución de cinco meses que se comezarán a contar unha vez contratados os traballos, logo da sinatura do convenio entre ambas as partes, que vén de ser autorizada esta mañá. A actuación supón a resposta a unha demanda histórica da vila pola súa repercusión para o conxunto da cidadanía, axuda á integración entre o porto e a vila e mellora da explotación portuaria.



## A XUNTA LOGROU FACER AFLORAR 178,3 MILLÓNS DE DÉBEDA NON DECLARADA EN 2018 TRAS REFORZAR AS ACTUACIÓNS DE CONTROL FISCAL

- *A débeda que aflorou medra un 24% sobre 2017 polo efecto positivo das actuacións realizadas nos últimos anos e finalizadas no ano 2018*
- *A Axencia Tributaria de Galicia revisou o ano pasado 315.000 comprobacións*
- *A inmensa maioría dos galegos pagan correctamente os seus impostos e só no 7% dos casos a Atriga modifica unha autoliquidación*
- *A Administración galega concedeu case 2.900 aprazamentos e fraccionamentos para facilitar o pagamento de impostos*

A Xunta de Galicia logrou facer aflorar o pasado ano 178,3 millóns de euros de débeda non declarada grazas ás actuacións de control fiscal, o que supón un aumento do 24% respecto a 2017, un incremento que se debe ao efecto positivo das actuacións iniciadas pola Administración galega nos últimos anos e finalizadas no ano 2018. Así consta nun informe abordado no Consello da Xunta sobre o balance de actuacións da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) durante o pasado ano.

No último exercicio a Atriga efectuou 315.000 comprobacións de autoliquidacións de impostos, tanto do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) como do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), xa que ambos os tributos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta. Esta cifra supón un descenso do 3,1% respecto ao ano anterior –no cal a Atriga realizou un plan especial de loita contra a fraude fiscal-, pero un incremento do 18% en comparación co ano 2016.

Unha vez revisadas as 315.000 autoliquidacións de impostos, no caso de detectar que non é correcta, a Atriga practica unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións practicadas a raíz dunha comprobación foi de 23.396, o que supón unha baixada do 24% respecto ao ano 2017, pero en termos homoxéneos –é dicir, comparando co ano 2016- o descenso foi do 6%. Do total de liquidacións practicadas pola Atriga, 15.097 foron no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e 8.299 no de sucesións e doazóns.

O informe indica que en 2018 o 93% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega eran correctas e non precisaron modificacións, e só no 7% dos casos a Atriga modificou a autoliquidación presentada. Esta porcentaxe é practicamente igual á do ano anterior –o 92% de autoliquidacións correctas-, o que demostra que a inmensa maioría dos contribuíntes en Galicia pagan correctamente os seus impostos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

En canto ao eido da inspección, en 2018 a Atriga realizou 1.097 actuacións de inspección, unha cifra que en termos homoxéneos é practicamente idéntica á de anos anteriores.

Respecto ás valoracións, o número de bens valorados pola Atriga en 2018 ascendeu a 597.060, practicamente o mesmo número que o ano anterior. Ademais, en 2018 a Atriga concedeu case 2.900 aprazamentos e fraccionamentos no pagamento de impostos autonómicos, por un importe de 20,8 millóns. O número de aprazamentos concedidos descendeu un 7% respecto ao anterior pola baixada na cifra de solicitudes.

### Plan control tributario de 2019

Ademais, a Axencia Tributaria de Galicia publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* o Plan de control tributario, no cal se establecen as principais liñas de actuación do ente tributario autonómico para o presente exercicio.

Entre as novidades para 2019, no eido da asistencia introdúcese a colaboración cos asesores fiscais para aclarar a tributación das distintas operacións, evitando as planificacións fiscais agresivas que aumentan a litixiosidade e favorecendo a correcta utilización dos beneficios fiscais existentes e o fomento dos acordos. Ao mesmo tempo, realizarase unha enquisa ás persoas que fan uso dos servizos que presta a Atriga para coñecer e medir o seu grao de satisfacción e tomar decisións que melloren estes servizos.

En canto ás actuacións de control posterior, inclúese a verificación dos importes dos beneficios fiscais no caso de que estes non se apliquen á totalidade do valor dunha empresa ou negocio, así como a comprobación daquelas operacións e mecanismos de planificación fiscal agresiva que resulten anómalos en relación co fin perseguido, distinto do aforro fiscal, e que poden ser constitutivos de simulación ou conflito na aplicación da norma, sobre todo os relacionados coa transmisión de bens inmobles.



## A XUNTA IMPULSA A MODERNIZACIÓN E A DIXITALIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE CON AXUDAS QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 7M€

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria lanza un programa que, ademais dos apoios económicos para arredor de 600 comerciantes, inclúe o primeiro Plan de inspección do comercio dixital*
- *Os comerciantes poderán acceder a apoios para a implantación de novas fórmulas de negocio, tanto en establecementos físicos como na rede*
- *Como novidade, promoverase a mellora da paisaxe das zonas comerciais, incentivando a homoxeneidade de deseño das fachadas de tres ou máis negocios*
- *Realizaranse un total de 800 controis da información e publicidade en páxinas web e recolleranse mostras dun mínimo de 70 produtos adquiridos a través da rede*
- *En colaboración coa Federación Galega de Comercio, trabállase tamén na creación dunha plataforma que permita substituír o tradicional tícket en papel por outro dixital, perdurable e máis sustentable*

A Xunta pon en marcha un novo programa de apoio á modernización e á dixitalización do comercio de proximidade galego, que inclúe, dunha banda, axudas por 3,8 millóns de euros con que se prevé mobilizar preto de 7 millóns de euros, e doutra, o primeiro Plan de inspección do comercio dixital, que velará polos dereitos dos consumidores e a seguridade dos produtos ofertados.

A convocatoria de apoios, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este mesmo mes e que se estima poderá beneficiar a arredor de 600 comerciantes e titulares de obradoiros artesanais, céntrase na dixitalización do comercio, na mellora da imaxe tanto dixital como física do propio local, na expansión comercial e en novas fórmulas de comercialización, ademais de no equipamento de ferramentas que melloren o produto final.

Entre outras actuacións, no eido dixital apoiarase a implantación e actualización de páxinas web comerciais e a contratación de servizos profesionais de xestión de redes sociais, a introdución de ferramentas de márketing 4.0 ou a implantación de ferramentas de xestión.

A axuda directa máxima deste programa para os titulares de establecementos comerciais que leven a cabo actuacións de dixitalización poderá chegar a 21.000 euros. Tamén se poderán obter ata 15.000 euros para os proxectos relacionados coa imaxe física do local, 30.000 euros para expansión comercial e ata 33.600 euros para iniciativas relacionadas con novas formas de comercialización e equipamento. A



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

intensidade da axuda, dependendo da actuación que se realice, pode chegar ata o 80% do investimento que se vai realizar.

No tocante aos proxectos de modernización integral de locais, apóianse as obras de reforma e acondicionamento, a adquisición de moblaxe e melloras na fachada. Como novidade, concederanse tamén axudas para actuacións conxuntas dun mínimo de tres establecementos comerciais contiguos para dotar de homoxeneidade estética a imaxe exterior dos comercios dunha mesma rúa comercial, promovendo así a mellora da paisaxe das zonas comerciais.

Por outra banda, os comerciantes que decidan expandir o seu negocio poderán obter apoios para a apertura dun novo establecemento, baseado no desenvolvemento do mesmo proxecto comercial, na especialización ou diversificación de produtos, na especialización de servizos ao cliente ou na especialización de novas tendencias emerxentes de consumo. O proxecto de expansión comercial deberá incluír un compromiso de contratación de polo menos unha persoa durante un período mínimo dun ano.

Para potenciar novas fórmulas de comercialización, a convocatoria tamén contempla axudas para a posta en marcha de tendas efémeras ou *pop up*, así como de *concept stores*. Nestas últimas, poderán participar un ou varios comerciantes ou artesáns nun espazo compartido con diferentes propostas innovadoras, xa sexan comerciais, culturais, artísticas, de deseño ou gastronómicas, creando unha experiencia única de compra. Ao igual que nas axudas para a modernización integral de locais e na de expansión comercial, no caso das *concept stores* exíxese contar cun proxecto de decoración e interiorismo.

Na convocatoria para a innovación, dixitalización e implantación de novas fórmulas de comercialización, os comerciantes retalistas e titulares de obradoiros artesáns tamén poderán acceder a apoios para a adquisición de equipamento e ferramentas que melloren o produto final.

### Primeiro Plan de inspección do comercio dixital

Paralelamente a estas axudas, desenvolverase o primeiro Plan de inspección do comercio dixital, co obxectivo de comprobar, a través da análise e inspección das páxinas web, o grao de cumprimento da legalidade vixente en materia de comercio e consumo. Ademais, impulsarase a mellora da información que recibe o consumidor a través da internet, tanto dos produtos ofrecidos como dos seus dereitos e obrigas; e velarase pola seguridade dos produtos ofertados na rede, verificando que cumpren todos os requisitos e garantías de seguridade para os seus usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

O plan, que responde a unha proposta do sector e que redundará nunha maior seguridade xurídica de todos os axentes, estará vixente durante todo o ano, e desenvolverano de xeito coordinado os servizos de inspección de Comercio e de Consumo. Realizaranse un total de 800 controis da información e publicidade en páxinas web, e recolleranse mostras dun mínimo de 70 produtos adquiridos a través da rede.

Estas actuacións enmárcanse no Plan estratéxico de impulso ao Comercio de Galicia, que busca modernizar e incrementar a competitividade do comercio de proximidade galego fixando tres grandes retos: afianzar un sector comercial renovado; impulsar o *smart commerce* e o comercio electrónico; e potenciar o comercio excelente, traballando na dinamización e a mellora continua.

**Laboratorios comerciais e e-ticket**

No marco desta folla de ruta, este ano a Xunta vai destinar 14,6 millóns de euros de xeito específico ao sector, para beneficiar máis de 6.000 establecementos. Entre as diferentes actuacións previstas, promoverase a ecoinnovación, buscando a sustentabilidade ambiental e aposta por un sector comercial ligado ao coidado do contorno, e activarase un programa de creación de laboratorios dixitais que permitirán asesorar e guiar o sector no proceso de dixitalización.

Ademais, seguirase cooperando activamente coas federacións e asociacións de comerciantes, que desenvolven un papel clave na posta en marcha de estratexias e actuacións conxuntas. Entre outras iniciativas, en cooperación coa Federación Galega de Comercio, trabállase na posta en marcha dun programa de divulgación en materia de dixitalización e transformación tecnolóxica, con diferentes xornadas por toda Galicia, así como a creación dunha plataforma dixital centralizada de e-ticket, a través do correo electrónico. Con esta iniciativa, búscase a substitución do tradicional ticket en papel por outro dixital, perdurable e máis sustentable.